



Xavier Rodríguez, portavoz municipal do BNG

Os investimentos reais do Concello de Nigrán caen case a metade pola desidia do goberno municipal

O PSOE aprobou un orzamento de máis de 17 millóns de euros dos que apenas destina 421.000 a investimentos reais. Esta cifra tan baixa é consecuencia fundamentalmente do notábel incremento do gasto en bens correntes e servizos, provocado ao ir o goberno municipal atrasando no tempo os contratos de servizos como o lixo, a axuda no fogar ou o mantemento de parques e xardíns e que vén a lastrar a capacidade de investimento ao coincidir todos eles no presente exercicio. Por outra banda este goberno continúa coa súa práctica habitual de non incluír no orzamento os fondos a percibir da Deputación dentro do Plan +Provincia, evitando así ter que definir nas contas os proxectos aos que irán destinados.

**De un orzamento de máis de 17 millóns,
apenas se destinan 421.000 euros a
investimentos reais**

Pero non só son escasos os fondos para investimentos, senón que ademais non recollen os proxectos aos que van ser aplicados e, na maioría dos casos, nin sequera a denominación específica do investimento a realizar. Apenas partidas xenéricas como obras de abastecemento ou saneamento, ou reposición en vías públicas.

A maiores, o goberno municipal utiliza as subvencións nominativas como a práctica habitual de outorgamento cando debiera ser a excepción. Pola contra, converte o procedemento que debiera ser a norma, a concorrência competitiva, en excepción.

**Falta de investimentos en infraestruturas
e servizos, desaparición de subvencións
ás comunidades de augas, redución de
axudas ao deporte e a cultura**

Así provocan que subvencións como os 26.500 € de subvencións nominativas do ano 2023 para o Centro Juan María ou a Fundación Igualarte, tiveron que agardar a un recoñecemento extraxudicial de crédito polo pleno, por ser concedidas sen consignación orzamentaria, indicou o portavoz municipal do BNG, Xavier Rodríguez.

Finalmente, o BNG indica que existe unha grave discriminación entre as persoas que cumpren coas súas obrigas tributarias e quen incumpre amparado na ausencia de inspeccións que eviten a fraude, creando un agravio comparativo. Ao mesmo tempo critica o abuso na contratación temporal por programas que, en realidade, responden a necesidades permanentes da administración municipal.

O goberno de Nigrán afoga ao tecido asociativo atrasando as subvencións

Máis dun cento de entidades conforman o tecido asociativo de Nigrán e coa súa actividade dinamizan mes a mes a vida social da veciñanza en beneficio da comunidade. Son un valor a coidar e o goberno municipal debe cooperar con elas, proporcionando espazos e recursos que fomenten a súa actividade.

Das subvencións municipais dependen parte importante das actividades de moitas destas entidades, mais polo que se ve o goberno municipal do PSOE non se toma en serio o asunto e actúa dun xeito inadecuado, complicando o labor de dúcias de entidades asociativas espalladas por todas as parroquias.

As asociacións deben poder programar as actividades a comezos do ano e saber con tempo a que subvencións teñen dereito, para poder así desenvolver as actividades ao longo dos meses. Mais para iso é necesario que se convoquen ao inicio do ano e non agardar, como nas últimas anualidades, á volta do verán para publicalas.

No 2024 a xestión empeorou até pór en risco a propia publicación das convocatorias de subvención para actividades culturais, festas e deportivas, convocadas de urxencia a mediados de outono, xuntando nun mesmo prazo a presentación de solicitudes e a xustificación do gasto realizado. Houbo despois grande atraso na tramitación e na comprobación do gasto e as asociacións deberon agardar meses para comezar a cobrar ditas subvencións.

É preciso mudar esta forma de facer as cousas. Demandamos que as subvencións se convoquen a comezos do ano, evitando así a desorganización e as tensións financeiras que afectan a decenas de entidades veciñais, festas, culturais e deportivas do municipio.



Instalacións do GES do Val Miñor

Unhas instalacións dignas para o GES

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) é un servizo mancomunado decisivo para a seguridade de todos os miñoranos e miñoranas. Están cando aparece un lume, cando ocorre un accidente de tráfico ou en calquera sinistro que supoña un risco. Este grupo tan decisivo para as nosas vidas, ten que soportar unhas instalacións que non só son indignas dun servizo de emerxencias, senón que non deberían acoller ningunha actividade laboral polo perigo para a integridade física dos seus traballadores.

Por outra banda, a propia localización da sede, a carón dun instituto onde en determinados momentos se concentra gran cantidade de vehículos cun acceso estreito, supón un atranco engadido para toda a veciñanza do Val Miñor, ao incrementar potencialmente os tempos de resposta ante unha emerxencia.

Por esta razón o BNG leva demandando dende fai varios mandatos que a Mancomunidade do Val Miñor aborde, co necesario concurso das outras administracións, a construción dunhas instalacións axeitadas para o GES, mais, a pesar de aprobar as mocións que neste sentido temos presentado, ningunha acción seria se realizou neste sentido. Mentres tanto o alcalde de Nigrán non debe eludir a súa responsabilidade ao ser o Concello o titular do inmóbel.



Miguel Soto, responsábel local do BNG

Cumprindo co proceso de renovación de órganos tras a Asemblea Nacional de decembro pasado, o BNG de Nigrán elixiu un novo responsábel local que sucede no cargo ao actual portavoz municipal, Xavier Rodríguez. Trátase de Miguel Soto, veciño de Panxón e persoa vinculada ao nacionalismo galego desde a súa mocidade. Licenciado en Humanidades e activista sociocultural, é dono dun coñecido local de hostalaría do noso concello.

Miguel Soto foi elixido nunha asemblea que contou cunha grande participación da militancia da localidade e comprometeuse “a traballar para fortalecer a presenza do BNG en Nigrán, buscando ampliar a base militante e simpatizante, escoitando e colaborando co tecido asociativo cara unha organización aínda máis participativa”.



En Nigrán o turismo afoga o dereito á vivenda

O turismo, que noutros contextos pode ser motor de desenvolvemento, está, nestes momentos, dificultando á poboación o acceso a vivenda por mor do encarecemento da mesmas e da substitución do alugueiro tradicional polas vivendas de uso turístico (VUT).

O pleno do Concello aprobou por unanimidade unha proposta do BNG para incluír no PXOM unha regulación específica destas vivendas. Un paso importante, necesario e urxente.

Aprobada a iniciativa do BNG para incluír Nigrán na estratexia de promoción da vivenda pública

Non é normal que Nigrán conte xa con 393 VUT rexistradas, o dobre que en 2022, superando mesmo cidades como Lugo ou Ferrol. E isto, só contando as que constan no rexistro oficial da Xunta de Galiza.

Estas vivendas non son tales, senón negocios, actividades económicas que deben estar reguladas como calquera outra.

A situación actual permite a instalación de VUT en calquera andar das zonas costeiras con ordenanza de Residencial Mixto, sen límite ningún. O resultado é un desequilibrio evidente que está a afectar a convivencia e a premer os servizos públicos.

Mentres tanto, o acceso á vivenda en Nigrán converteuse nun luxo. En 2021, os gastos mensuais superaban os 654 euros, máis que en Vigo ou Pontevedra. Ningunha das solucións propostas até agora (nin a lei estatal sobre vivenda nin a estratexia da Xunta) están a responder á nosa realidade. A primeira porque ignora os concellos pequenos e turísticos, a segunda porque mide demanda potencial, non necesidade real.

A aprobación da proposta do BNG é un síntoma de que algo está a cambiar. Agora cómpre esixirlle á Xunta que incorpore Nigrán á súa estratexia de vivenda pública e protexida.

Porque vivir aquí non debería ser un privilexio, senón un dereito. E porque non podemos permitir que o turismo nos roube o que máis nos pertence: a posibilidade de vivir na nosa propia terra, no noso propio concello.



Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

Vostede sempre di que a sociedade galega é unha sociedade viva e mobilizada.

Si, é así. Temos que sacarnos de enriba os tópicos que aínda pesan sobre nós. Temos que dicilo con claridade e sen complexos: somos un país rico, cheo de recursos e de potencial, pero estamos discriminados e expoliados. E si, tamén, somos un pobo vivo e mobilizado, que sae á rúa a defender o seu futuro cada vez que nos sentimos agredidos. Fixémolo co Nunca Máis, facémolo na defensa da lingua, fixémolo masivamente pola sanidade pública ou contra Altri. Pero hai a quen lle interesa facer crer que nada se move.

“Galiza só avanzará se nos facemos valer. O PP traballa a favor de Madrid e das grandes empresas amigas”

Á Televisión de Galicia, por exemplo.

Ao PP. Interésalle ao PP, que converteu a TVG e a Radio Galega no seu aparato de propaganda. Chegan a emitir noticias falsas sobre o BNG. Tanto lles preocupa o medre dun BNG á alza que xa non saben que facer. A situación de manipulación e de control mediático do PP en Galiza é tremenda, e non imos deixar de denunciálo.

A pesar dese control, as políticas do PP teñen moita contestación social.

Claro, e cada vez máis. Porque a xente percibe claramente o que ocorre cando vai ao centro de saúde, ou cando busca piso de alugueiro ou cando paga a factura da luz. Por iso cada vez máis xente sae a defender a sanidade pública, ou a esixir que a vivenda sexa un dereito e non un negocio, ou que se poña fin ao espolio enerxético que padecemos, co país cheo de eólicos nos montes e centrais nos ríos e pagando a luz máis cara que en Madrid, que non produce un só quilowatt. E o BNG é a referencia destas loitas e da defensa dunha Galiza con futuro.

A chave para cambiar as cousas é facerse valer, di vostede.

Ese é o cambio real en Galiza. Actuar coma un país adulto, que mira polo seu futuro e os seus intereses. Para que a riqueza e os recursos galegos estean ao servizo de crear aquí riqueza e emprego. Ou para as empresas que traballan aquí coticen aquí, e non en Madrid. Ou para xestionar nós os nosos impostos e decidir en que precisamos investilos. Iso é facerse valer. Mirar polo noso e poñer fin á discriminación do Estado con Galiza, que se dá sempre, governe en Madrid quen governe. As cousas só cambian a mellor para Galiza cando temos peso político propio, cunha forza propia como o BNG. O PP traballa, desde a Xunta de Galiza, a favor de Madrid e das grandes empresas amigas.


Contacta co BNG!

 Rúa dos Argonautas nº34, entrechán,
A Ramallosa, Nigrán(GALIZA)

 +34 986 44 73 00

 nigran@bng.gal

 @bngdenigra
n.bsky.social



 @bng_nigran



 @bngnigran



 nigran.bng.gal



#FronteAinacciónBNG

